

## Acta da Asemblea Xeral do día 16 de novembro de 2017

Sendo as 20:00h do 16 de novembro de 2017 damos comezo a Asemblea Xeral da ICM co seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Dar conta da situación actual do Acordo de Goberno Municipal.
3. Rogos e preguntas.

Comezamos coa lectura do acta anterior e apróbase por unanimidade.

Os concelleiros damos conta da actual situación do Goberno Municipal e os motivos polos que ó seu entender se chega á crise de goberno que se veu larvando nos últimos meses, xa manifestados nas ultimas reunións de carácter interno. Tamén do desencontro acontecido logo da última Comisión de Facenda que desemboca na comunicación verbal completamente fora de lugar e forma por parte de Alcaldía de que “estades fóra do goberno”. Infórmase do resultado da reunión da Comisión de Seguemento do Acordo de Goberno convocada polo BNG, na que manifesta a súa intención de saír do Goberno, e na que nós poñemos tamén en coñecemento dos dous grupos, da convocatoria da nosa Asemblea Xeral na que analizaremos e debateremos o camiño a tomar.

A partir de aquí abrimos a quenda de palabras e logo de moito debater decidimos sacar unha nota de prensa e convocar unha asemblea decisoria para o vindeiro martes 21 de novembro.

A continuación transcribimos a nota que se fai publica e se envia ós medios de comunicación:

“A Iniciativa Cidadá de Mugardos dou conta esta tarde da situación de crise pola que atravesamos actualmente o goberno de Mugardos. Na xuntanza valorouse moi negativamente o deterioro da convivencia dentro do goberno, e considerou como causas fundamentais o **xeito vertical de goberno** establecido desde a Alcaldía, a **imposición de criterios**, a **ausencia de espazos de diálogo regulares** e finalmente a **deslealdade** cos socios de goberno, escenificada no último Pleno extraordinario, onde se desvelou que o propio PP contaba desde hai días con documentación achegada pola Alcaldía que aínda hoxe ICM descoñece.

Os últimos meses caracterizáronse por un **empeoramento da relación** cos socios de goberno, pero tamén coa veciñanza. Faltou capacidade de diálogo e sobrou autoritarismo e invasión de competencias. Faltou **coordinación entre os oito membros do goberno**, que en 15 meses nunca chegaron manter reunións regulares, algo básico en calquera equipo de traballo. Isto substituíuse por relacións bilaterais **incompatibles co proxecto horizontal** que defendemos. Nada disto pode coller agora por sorpresa a EU, xa que foron demandas nas que **ICM insistiu desde a formación do goberno**.

Sen poñer en dúbida a capacidade de traballo e xestión administrativa de Pilar Díaz (ao contrario de Juan Domingo Deus), ICM lamenta o rotundo **fracaso no liderado da coalición** posto en evidencia publicamente desde o estoupido da crise. Tras do anuncio da marcha do BNG **a situación non fixo máis que empeorar**. Continuouse coa presentación dunha modificación de crédito sen contar con ICM, logo **comunicounos a nosa expulsión** por non apoiala, e nin tan sequera estivo presente na comisión de seguimento celebrada o pasado martes, onde EU mantivo unha posición puramente burocrática e con **nula autocrítica**, fronte a unha diagnose negativa compartida por ICM e BNG.

Desde ICM pedimos desculpas á veciñanza polos erros cometidos, un deles puido ser **deixar que esta situación se prolongase no tempo**. Procuramos ser dialogantes na xestión das nosas áreas, ao igual que o BNG. Quixemos antepoñer a **estabilidade do goberno** e a conciliación de posturas, máis non o conseguimos. O vindeiro martes celebrarase unha nova asemblea de ICM, onde se someterá a votación a ruptura do acordo de goberno.”

Non habendo rogos e preguntas e sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 22:00h.